


03 XUÑO DO 2010 - NÚMERO 823

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**





Galerías, un terreo á parte

Ocupan un dos banzos esenciais na industria cultural galega e convertéronse en intermediarias –case imprescindibles– entre os creadores plásticos e o espectador –ou coleccionista. Son as galerías de arte, símbolo da cultura dunha cidade e árbitros de tendencias nun panorama tensionado entre o mercado e a xenialidade. Coa crise económica como sombra que está a punto de facelos desistir dos seus proxectos, os galeristas de Compostela viven este ano Xacobeo á marxe de calquera beneficio: os peregrinos non se deteñen –incluso se están na rúa do Vilar–, os visitantes non aparecen e, por suposto, tampouco crecen as transaccións. Aínda así, os seus proxectos mantéñense

Galerías, un terreo á parte

intactos e un percorrido por algúns dos establecementos asentados na cidade amosa non só a versatilidade das súas propostas senón unha indiscutible calidade. Hoxe, en Revista das Letras, amosamos unha pequena visión do que, nestes momentos, se exhibe nalgunhas desas galerías. O balance non pode ser máis estimulante: desde Roberto González Fernández a Pamen Pereira ou Meira Marreo/José Toirac, a oferta invita a perderse por uns espazos de xestión privada que, con máis frecuencia do que se supón, teñen un catálogo máis audaz e reflexivo que as salas oficiais.



Un atlante entre a terra e o ceo

Atlante foi condenado polo deus Zeus a soportar sobre os seus ombros o peso dos piares que separan a terra do ceo. Atlante tamén gobernaba a Arcadia e *Atlantes* é como Meira Marrero e José Toirac titularon unha das series que estes días presentan en A Factoría de Compostela, dentro da exposición *Opium*,


Trátase de catro táboas nas que aparece, con rostro solemne e ieratismo lendario, Fidel Castro encarnado nun novo Atlante que sobre os seus ombros soporta o espazo intermedio da revolución. Imaxes impactantes, en branco e negro, para dous creadores que falan, sobre todo, do opio do poder.



A mirada cuestionada de Calapez

“O corte dunha superficie implica a obtención de dous lados, que parten dos bordos resultantes. O encaixe perfecto é agora mediado por un espazo, un intervalo. O que unha superficie contén non segue na superficie adxacente pero o arrastrar da mirada intenta, a pesar do salto que irá sufrir, combinar esa discontinuidade pola asociación dun pensamento, dunha forma, dunha cor”. Estas palabras de Calapez

serven de introdución á mostra que exhibe actualmente na galería SCQ de Compostela, un exercicio de cromatismo que impacta no espectador e que o conduce por unha dualidade de expresión complementaria. Unha exposición que entra polos ollos para axitar o cerebro porque as últimas pinturas de Calapez intentan cuestionar a mirada máis aló do contido das imaxes, máis aló dos soportes que as transmiten.



Os procesos da loba solitaria

Pamen Pereira regresa á galería Trinta para pechar un ciclo desta sala, que para o outono vai remudar a súa presenza. Pamen presenta pezas do seu cracterístico estilo, marcado por unha aparente aparente dualidade de principios que, nunha mirada detida, se transforma nunha reflexión de integración de principios indisolubles. Na mostra, subliña a artista, “É certo que volvo insistir no aire ao que dediquei varias exposicións co título de

Un só sabor, nese caso o desafío á gravidade era menos evidente xa que o que se sostiña no aire eran aves ou eran elas as que elevaban o resto”. Agora, en *This is a love story* o desafío é totalmente evidente, “e ese peso que nos une é o mesmo que o que nos eleva”. Unha exposición na que se fai evidente que Pamen se sente “cada vez máis loba solitaria, dacadalo entre a tradición filosófico-poética ou máis ben espiritual centroeuropea”.



Os silencios da luz

“Na miña infancia, cando soñar estaba libre de peaxe, todos os pazos referidos nas historias orais e escritas, indicábanse nesas casas indianas, inalcanzables para a maioría das familias e xentes poboadoras dos lugares circundantes. Signos de poder e éxito, símbolos do esforzo e do desterro voluntario desas xentes que abandonaron a terra que os viu nacer, para regresar coas maletas cargadas de riqueza e coa necesidade de exteriorizala. O retorno de ultramar salpicou de apasteladas cores a

nosa mariña, dándolle sensacións cromáticas completamente distintas ás instauradas na nosa zona. O “frío” e a “calor” mesturáronse en harmonía e consonancia, respectando a potestade da súa propia individualidade”. Así explica Xoán Guerreiro (Xove, 1956) o seu proxecto *Os silencios da luz*, que exhibe a galería Metro ata o 22 de xuño. “Soños, traballo e presenza”, é a “trindade” que alicerza os cadros deste pintor, segundo o escritor Oliver Escobar. Desde a contemplación como modo de vida.


Arriba á esquerda, ‘Tenra esperanza’, e á dereita ‘O amor xorde da luz’. Abaixo, á esquerda ‘Fantasías dende a nube azul’ e, ao lado, ‘Ao amparo do sixilo’



Unha volta de rosca ao mundo de RGF

Roberto González Fernández (RGF) regresa á galería Espacio 48 de Compostela cunha volta de rosca á súa obsesiva compulsión creadora. Anos despois de que retratase os outeiros Hollyrood –en Edimburgo– coa presenza de rostros e caras que lle daban unha perspectiva, o pintor monfortino recupera a antiga paisaxe pero borra completamente as pegadas humanas. Vai máis alá e, ademais, cambia o óleo dos orixinais pola fotografía, sosporte ao que lle dedicou boa


parte do seu traballo nos últimos anos. Fai fotografía da fotografía, copia do orixinal e como resultado obtén unha nova obra de orixinalidade indiscutible á que lle infrinxe as máis diversas técnicas. Como é habitual en Roberto González, o seu resultado técnico é impecable, nunha traxectoria que busca continuamente, que se rexenera a partir de retroalimentarse das súas propias iconas e que, pouco a pouco, vai abrindo a espiral cara a latitudes progresivamente máis inquietantes.



10 XUÑO DO 2010 - NÚMERO 824

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



María Xosé Díaz

Suxerir. Evocar, máis que dicir. Falarlle ao “subconsciente e á emoción” como “modo de coñecer o mundo”. Apropriarse do espazo. Xogar coa luz e as sombras, os reflexos, a transparencia, as texturas. Experimentar cos materiais, procurando a beleza que todos entrañan. Espertar a curiosidade do espectador, convidalo a ollar desde diferentes perspectivas. Procurar a conexión. Celebrar a natureza. A vida. O íntimo. O microcosmos da autora. Son algúns dos alicerces que cimentan a creación de María Xosé Díaz (Catoira, 1949). O Auditorio de Galicia acolle ata o vindeiro día 20 de xuño unha mostra sobre os trinta anos de andaina na arte desta pintora, ceramista e escultora. Unha exposición que “reflicte o que eu son”, segundo comentou a

Falarlles ás emocións

artista nunha entrevista con este xornal o día da inauguración. “Quero comunicarme coa xente tal como son. Reflicto o máis íntimo de min... Pero o máis importante é que aos demais lles chegue, lles suxira algo”, explicou. “O meu” –a súa arte– “é moi sensual: para a vista, o tacto... Traballo coas emocións, e prefiro falarlle ao subconsciente, ás emocións, que é un modo de coñecer o mundo. A arte permite facer isto con máis intensidade. Quero que a xente se sinta ben, que ir ver a exposición sirva de contrapunto ao cotián... O que fago é sinxelo, para que a quen o mire lle guste, entenda ou non. Para que complete a obra, a remate, achegando a súa interpretación”, reflexionou.




María Xosé Díaz (Catoira, Pontevedra, 1949) é unha das escultoras máis interesantes do panorama artístico galego e unha das que desenvolveu unha obra máis orixinal no noso país. A evolución máis interesante da artista, desde o punto de vista escultórico, ten lugar a finais da década dos anos oitenta, un momento en que tamén alcanzan a súa madurez artística en Galicia outras escultoras da súa xeración como Soledad Pernalta, Rosalía Pazo e, posteriormente, Emilia Salgueiro. Este reducido grupo de escultoras só ten como antecesora a Elena Colmeiro que pode considerarse como a pioneira da escultura galega da segunda metade do século XX, pois as súas primeiras esculturas cerámicas de gran formato foron realizadas a comezos da década dos anos sesenta. Tras este reducido grupo de artistas, na segunda metade dos noventa, unha xeración máis nova de artistas galegas potenciará o papel da escultura e as instalacións, podéndose citar como antecesora a ferrolá Pamen Pereira. Tras elas ábrese un prometedor futuro grazas ás novas incorporacións nestes dez anos do novo século.

María Xosé Díaz durante os últimos trinta anos desenvolveu unha intensa actividade plástica investigadora no ámbito do debuxo, cerámica, escultura, instalacións e intervencións de espazos específicos, movida por unha desbordante curiosidade que a levou a experimentar con materiais inusuais na escultura contemporánea e conseguir deles as máximas calidades expresivas, plásticas e espaciais. A luz, as texturas, a riqueza ambiental das súas intervencións e a relación que adoita establecer entre a natureza e os materiais procedentes do mundo industrial crea unha sedutora poética tan persoal que converte a María Xosé nun exemplo singular no panorama artístico actual. Non se pode separar a obra realizada pola escultora da súa personalidade, carácter ensimesmado, a súa preferencia por entusiasmarse polas pequenas cousas, polos obxectos atopados que frecuentemente incorpora nos seus traballos, pola súa vida rural e familiar na que a casa, o xardín, o taller e o permanente contacto cos seus lle permiten facer crecer o seu rico universo persoal do que, sen dúbida, xorden todas as ideas que, posteriormente, se transforman en escultura.

O tempo parece non ter importancia ao contemplar os seus traballos. Neles intúese un proceso laborioso, minucioso, que persegue o ben feito, que supón o gozo do traballo manual que leva implícito e que unha vez finalizada a obra, todo pasa desapercibido debido á humildade das súas esculturas, realizadas con materiais elixidos da súa contorna vivencial. Uns materiais que lle poderían pasar desapercibidos a calquera e que a escultora sabe dotalos das características necesarias para producir emoción e pracer a quen os contempla. María Xosé Díaz traballa cunha estética do mínimo, en grao sumo sinxelo e aí reside gran parte da súa grandeza, posto que é capaz de darlle verdadeiro sentido ao aforismo “menos é máis” do arquitecto de Bauhaus, Mies Van Der Rohe.

A súa escultura ten o fundamento na xeometría e o construtivismo sen ser, en absoluto, fría nin estar relacionada co minimalismo. O seu traballo ten a súa base nos materiais máis humildes da natureza, sen que teña relación ningunha coas premisas da arte povera. A obra de María Xosé Díaz é a súa prolongación espiritual e persoal, é o vínculo material que permite a comunicación entre o seu ensimesmado eu e todos os que a rodean, incluído o espectador. Para a escultora mostrar trinta anos de traballo é espirse, é mostrarlle ao público aquela parte privada que transcende en forma de escultura. É ir dando as claves daquelas pequenas cousas que un día lle atraeron e non dubidou en incorporar á súa vida transformándoas en formas, luz e espazo. Trinta anos é o percorrido dunha aventura vital que quedou materializada no tempo nunha interesante e xenuína obra escultórica que, sen dúbida, lle permitiu ingresar con pleno merecemento na historia da arte de Galicia.





O percorrido pola obra de María Xosé Díaz que propón a exposición do auditorio comeza cunha metáfora dos anos de vida da autora, representados cada un cunha pedra. As súas experiencias vitais son, precisamente, o xermolo da súa creación, reflexo do seu mundo interior. A primeira parte da mostra recolle unha escolma de debuxos realizados na súa época de estudante de Belas Artes en Barcelona, nos setenta. Nesta cidade achegouse a propostas plásticas nas que a luz e a cor eran os alicerces fundamentais. E comezou a investigar as posibilidades que brindaban as formas da natureza: as espirais do crecemento das plantas, a descomposición en planos das fibras vexetais. Os seus debuxos representan, así, tramas, planos, transparencias, superposicións, brillos, etc. “Son apuntamentos relacionados coa familia: o marido, o can, o gato, plantas do xardín, rochas... Na segunda parede vemos fibras vexetais, a luz...”, apuntou o comisario, o profesor Antonio Garrido, nunha entrevista no día da inauguración.

Ao lado destes debuxos sitúanse pezas que a autora realizou nos anos 80, na súa etapa de ceramista. “Busca, sobre todo, a minuciosidade. Fai cerámicas negras que decora coa técnica do esgrafiado. Interésanlle os brillos, os reflexos... Nesta época investiga técnicas ancestrais, e introdúcese no mundo das feiras de artesanía”, lembrou Garrido. “A finais dos 80, a partir da súa integración nos colectivos Remol e Nome, comeza a aumentar o tamaño das pezas, e a integrar a cerámica con pedra, ferro, madeira e chumbo”, subliñou. Como pegadas desta evolución na obra de María Xosé Díaz, pódense ver na mostra pezas que remiten ao primixenio, que lembran arcos, frechas... “Do chumbo interésalle a maleabilidade, o brillo, que contrasta coa opacidade da madeira...”, comenta o comisario.

Así, a súa produción cerámica está primeiro vencellada a unha arela reivindicativa das prácticas e as formas artesanais. Das pezas utilitarias, cunha intensa influencia do popular, decoradas cunhas sinxelas xeometrías –pintadas, rebaixadas ou esgrafiadas–, evoluciona cara a unha decoración mate conseguida mediante o rebaixe da capa epidérmica bruñida, con seriación de motivos que se repiten ou con formas animais e vexetais conseguidas mediante modelado. A finais dos 80 realiza obras nas que comeza a deixar de lado o utilitario para centrarse no estético, tendencia que se reforza coa súa integración no colectivo Remol de Cerámica Creativa, xurdido cunha vontade de diferenciarse da artesanía. Os seus traballos responderán, así, a unha procura máis espacial, segundo unha concepción escultórica.

A segunda parte da mostra abrangue desde os anos 90 á actualidade. A artista experimenta co cánabo, que lle permite facer tecidos, cunha textura e cun xogo de luces, sombras, reflexos, transparencias, que será o cerne de moitas das súas obras. “Fai tiras, ás veces de cor... Utiliza materiais industriais como mallas de plástico ou arlita, aramios, e materiais orgánicos... Gústalle a xeometría, e fai estruturas con formas que se repiten secuencialmente... Pode haber conexións co minimalismo e coa arte povera, pero ela fai algo distinto”, sostivo Garrido. Desta época son exemplos, na exposición, pezas evocadoras do mar, da natureza. Como caixas de luz que conteñen materiais atopados pola artista e que ela incorpora ao seu mundo: cunchas, cristais erosionados, anacos de radiografía reciclada que adoptan unha cor azul; ou cubos e columnas, formas xeométricas feitas de pranchas industriais raiadas por ela que agochan materiais orgánicos; estruturas construídas con cables telefónicos pelados, fibras de chumbeira...

A terceira época, superada unha enfermidade que a mantivo retirada por un tempo, é “máis intimista. É optimista, branca... Trata de atrapar, amarrar o que foi construíndo, e lle gusta, como o seu xardín. E desta etapa é a celosía que pecha a mostra, feita especialmente para esta exposición. É unha celosía aberta, a través da que a artista deixa ver, e ve a reacción do público ao outro lado...”, engadiu o comisario. Nesta etapa son as escaiolas con follas e flores..., e unha arte concibida como terapia, como sempre a entendeu a artista.







17 XUÑO DO 2010 - NÚMERO 824

r d l

REVISTA
**DAS
LETRAS**



O SÓNAR




Sónar, con Galicia no

Tras dezasete anos de historia, o festival máis importante do mundo na música electrónica, o Sónar, chega a Galicia e faino con vontade que enraizar, unha posibilidade que colocaría a fronteira do Atlántico no centro do complexo mapa da experimentación sonora. A partir de hoxe, e durante tres días, arredor de cen artistas desfilarán pola Coruña nun programa que inclúe figuras xa lendarias do movemento –como Laurent Garnier ou Air–, estrelas do momento –como Hot Chip– ou nomes emerxentes do panorama galego, tanto nos movementos dos pratos como nas esculcas insólitas da Orquestra Omega ou de escoitar.org, este último



o centro

referente de dimensión internacional. Sen dúbida, para moitos será unha sorpresa descubrir en Galicia unha fervenza de sons e propostas tan desbordante, froito dunha sementeira xermolada a mediados dos anos noventa que, desde aquela, non deixou de medrar. E é que o Sónar, ademais dos concertos, trae da man un prezado tesouro: unha guía que, por vez primeira, permite achegarse á historia e ao presente dun territorio de exploradores. O seu autor, Carlos Amado, fai para Revista das Letras unha crónica dos contidos do festival e converten estas páxinas nun vieiro imprescindible para deixarse levar polo Sónar sen perderse...



galego David M., coa súa selección de beats na órbita dubstep, inaugurará hoxe a travesía musical pola actualidade creativa que propón o Sónar Galicia. Será o comezo de tres días de orellas abertas nos que os sentidos e a música quedarán unidos pola intensidade das posibilidades electrónicas. No mesmo escenario Sonar Village –único operativo na xornada de arranque do festival–, estará Uffie. Esta moza é a voz do pop contemporáneo. Propón música de tendencias e pasarelas que nos aparece na súa faceta máis reflexiva, nunha tarefa de recolección do imaxinario recente do pop. Traballa con as

colaxes coloristas e desenfadadas cheas de evocacións. Tamén percorre o mundo dos sentimentos que se foron tinguindo de vida propia. Co seu segundo disco xa na rúa constitúe un fenómeno de masas no pop de baile iluminado.

Acto seguido John Talabot, creador catalán de culto underground achegaranos a súa proposta sempre nos límites da tecnoloxía e do resultado inesperado.

LCD Soundsystem constituíron un dos nomes cabeza de cartel e o principal atractivo na primeira xornada de inauguración do festival. Unha proposta de postpunk electrónico consolidando un estilo propio que ten o seu máximo valor expoñencial no directo. A súa amálgama de influxos provén da disco music, do rock setenteiro alemán ou do funky house. Será o inicio en España da súa presentación da máis recente gravación “This is happening”

O coruñés Grobas é o encargado de clausurar esta primeira xornada co seu house evoluínte que ha servir de colofón optimista a tres días de festa electrónica de máxima calidade e exquisita variedade.

Ánimos renovados na xornada do venres

O segundo día de festival arrinca coa proposta galega O.M.E.G.A . Esta orquestra de

Programa do Sonar

Info: XF

Xoves, 17

SonarVillage
18:00 :: dj :: David M (BreakThatBeat/ES)
19:30 :: live :: Uffie (Ed Banger/US)
20:15 :: dj :: John Talabot (Hivern/Permanent Vacation/ES)
22:30 :: live :: LCD Soundsystem (DFA Records/US)
23:30 :: dj :: Grobas (981 SESSIONS/ES)

Venres, 18

SonarVillage
18:00 :: dj :: Cauto (Disboot-Discontin Records/ES)
19:30 :: live :: Fuck Buttons (ATP Recordings/UK)
20:30 :: dj :: Fat Fish (Artec/ES)
21:30 :: live :: The Slew featuring Kid Koala (Puget Sound Recordings/US)
22:30 :: dj :: Fake Robotique (8z8/ES)
23:30 :: live :: Matthew Herbert's One Club (Accidental/UK)
00:30 :: dj :: Ino (House Café Music/ES)
01:30 :: live :: Laurent Garnier (F Comm/FR)
03:00 :: dj :: Sasha (emFire/UK)

SonarComplex
19:00 :: live :: O.M.E.G.A (ES)
21:00 :: live :: Broadcast (Warp/UK)
23:00 :: live :: Labrador + PMA (PT)

Sábado, 19

SonarVillage
18:00 :: dj :: BFlecha vs Mwéslee (Arkestra/ES)
20:00 :: live :: Flying Lotus (Warp/US)
21:00 :: live :: Octa Push (Iberian Records/PT)
22:30 :: live :: Delorean (Mushroom Pillow/ES)
23:30 :: dj :: Caradeniño DJ (ES)
01:30 :: live :: Hot Chip (Parlophone/UK)
02:30 :: dj :: Carte Blanche (DJ Mehdi & Riton) (Ed Banger/FR-UK)

SonarComplex
19:00 :: live :: 6PM (In Silence/ES)
21:00 :: live :: anbb / Alva Noto + Blixa Bargeld
23:00 :: live :: Fluzo (ES)

SonarClub
21:30 :: dj :: Erme DJ (ES)
22:30 :: live :: Air (Virgin/FR)
23:30 :: dj :: Viktor Flores (SINSALAudio-Red Bull Music Academy/ES)
00:30 :: live :: 2manydjs (BE)
02:00 :: dj :: Viktor Flores (SINSALAudio-Red Bull Music Academy/ES)
03:00 :: live :: Booka Shade (Get Physical/DE)
04:00 :: live :: Cora Novoa (Natura Sonoris/ES)

Viktor Flores

Laurent Garnier

LCD Soundsystem

AIR

Hot Chip

Grobas

improvisación inaugura as xornadas Sónar Complex do venres cunha aventura colectiva de alto valor indagador nos novos sons e na ampliación de horizontes expansivos. A Orquestra de Música Espontánea de Galicia é un punto de confluencia artística de moitos dos máis avanzados proxectos persoais activos en Galicia, a prol da dignificación improvisatoria.

Broadcast é outra proposta de pop experimental británico con gran transcendencia na crítica internacional. Actuarán no mesmo escenario como preámbulo ao show audiovisual dos portugueses Labrador +P.M.A. que xogan co cinema e co I.D.M. na súa liña experimental de gran recoñecemento.

O gran propagador nacional do dubstep é Cauto, a través dos selos Disboot e Discontinuo, que estará abrindo o Sónar Village, neste segundo día que toma forma e amplía horizontes musicais.

Fuck Buttons ocupan a segunda actuación do Sónar Village co seu son no que a maquinaria natural conflúe co organicismo tecnolóxico nun exercicio de recorrecias que camiñan arredor dun núcleo rítmico poderoso. Presenza dialoxística de elementos sónicos que nos traen voces e imaxes urbanas e nos achegan unha apertura crecente de imbricacións rítmicas. Presentará Tarot Sport, a súa segunda gravación de amálgamas sónicas

aptas para vibrar no directo.

Fat Fish o coñecido músico e promotor coruñés tamén ocupará o seu lugar neste escenario para ofrecer vangarda sónica a mancheas, celebrando as raíces do clubbin.

Unha das propostas máis agardadas nesta noite é a The Slew feat. Kid Koala. Unha aventura de aproximación contemporánea a aspectos clásicos do rockismo austroamericano, convivindo con turnaboismo. Esta actuación dará paso á proposta madurada en Madrid de berce galego co nome Fake Robotique.

Matthew Herbert's One Club, presentánolo Herbet como unha volta ás andadas máis bailables, que o levou a aparcar por un tempo a súa big band. Este proxecto retoma a súa faceta clubber máis conceptual. As fontes sonoras empregadas para elaborar esta obra naceron dunha única noite nun club de Frankfurt

Ino, o veterano coruñés ofrecerá unha das súas dinámicas sesións efervescentes nos preámbulos dunha das aparicións estelares reservadas para esta noite, o francés Garnier. Laurent Garnier coa súa exclusiva para Sónar Galicia réndelles honores aos miles de seguidores que este veterano artista francés ten en Galicia. A súa banda en directo intégrana cinco músicos. Sección de ventos combinada con sintetizadores e ritmos de



variada procedencia para presentar os seus clásicos e cortes do seu novo "Tales of the Kleptomaniac".

O coñecido remixer e produtor galés Sasha, preséntase no Sónar como fin de festa da xornada do venres. Técnicas de pica-discos de eficacia comprobada nos anos, nunha mestría que segue a madurecer e a preservar intacto un impacto sorpresivo e arrolante que nos leva ao centro da música e á fin da noite.

A xornada de máxima relevancia

O sábado o Sónar Complex acollerá tres importantes actuacións nas que se nos amosarán diferentes camiños que transitan as experimentacións mestizas da música actual. Primeiramente posibilitarase a presenza de Alva Noto e Blixa Bargeld. Anbb é o nome deste proxecto conxunto de directo no que exploran o son a través da abstracción e da experimentación con resultados imprevisibles que atravesan o ruído, percorren as fontes tradicionais e chegan ás canles emocionais internas na interacción do *feedback* comunicativo da música.


Fluzo é o traballo conxunto de Javier Álvarez aka Néboa e Hevi no que compoñen bases musicais cun obradoiro de convivencia da reciclaxe electrosónica co patrimonio inmaterial da palabra convertida en rima e o son mutando en arte.

Os galegos 6 pm traballan cunhas variantes melódicas do pop con gran capacidade evocadora en mobilidade paisaxística e etiquetando recorrencias vitais nun aderezo de personalismo pop da mellor escola. Os apuntamentos musicais de Oubiña e Mon parten de asimilacións do pop electrónico que lles serve de bagaxe para unhas reformulacións reflexivas e pausadas dos movementos emocionais internos. New Order ou Radiohead son citados como materia formativa para deliñar os seus menús de son real e inmediato.

A sección Sónar Village do festival abre as portas o sábado co colectivo Arkestra, defendido por dous dos seus piares fundacionais

Bflecha e Mwëslee. Hip hop e beats añexos de autenticidade contrastada no baile vintage que renace nas súas reformulacións de creatividade conxunta.

Flying Lotus é unha proposta en principio de público minoritario que estivo a suscitar unha grande expectación. *Cosmogramma* é o álbum que vai presentar este beatmaker americano, segundo tralo seu celebrado *Los Angeles*. Abstraccións electrónicas onde o hip hop conflúe co jazz e ca scifi music nun territorio creativo personalizado. Octa Push dende Portugal amosará o estado da creación dubstep no país veciño. Os reputados Delorean, estarán tamén nesta última xornada co seu pop electrónico de alta resolución, que servirá de preámbulo ao compostelán Caradeniño dj., co seu relevo



Arriba, desde a esquerda, Sasha, Grobas, Alva Noto + Blixa e 2mannydjs. Abaixo, Soundsystem, Caradeniño e Fuck Buttons.

de seleccións indietrónicas vitamínicas e frescas.

Outro dos nomes máis agardados é Hot Chip. Son os actuais príncipes do pop electrónico embebido de house e bailabilidade espontánea a base de riffs tecnolóxicos reconducidos na súa orientación máis vibracional para o directo. Carte Blanche é un proxecto house do francés Mehdi e do británico Riton nun mergullo no Chicago máis espeso, nuha exuberante apoloxía da cultura dos picadiscos.

A sección máis potente do festival no sábado é o Sónar Club. Aí estará Eme dj. o sábado ofrecendo unha sesión de baile sen prexuízos. Esta muller está a ser a gran revelación galega do baile sen prexuízos para o Estado.

Air achéganos a súa proposta de pop electrónico de salón. Elgancia fría e adulta, combinada con panteras negras, luxo e distancia. Acusticidade e xogos de espellos. Señores que marchan na melodía do seu interior. Un mundo referencial de imaxes do pop contemporáneo, cunha madurecida personalidade configuran a esencia deste combo francés. Pop autoadhesivo e reflexivo, presentando unha nova gravación que fai o sexto longa duración na carreira do dúo: *love 2*.

2manydjs é a proposta conxunta dos irmán Deawele, Stephen e David, tamén coñecidos como Soulwax e habituais de festas multitudinarias cos seus sets nos que a música se sincroniza coas imaxes. 2manydjs xa


son bastante coñecidos por estes lares tras as súas magníficas intervencións no festival Repercusión e en varias raves do norte de Portugal volven cunha actualización da súa proposta de indagación selectiva e renovadora nas raíces da música popular dos nosos tempos.

Viktor Flores volve ao Sónar, desta vez no seu país, para presentar unha das súas sets minimal house que lle trouxeron o seu actual recoñecemento, traballando para Sinsal Audio e para a Red Bull Music Academy.

A proposta dos xermanos Booka Shade madurece cada ano e neste primeiro Sónar Galicia presentan o seu quinto álbum. Música sonora para caixas de cartón que viaxan pola vida na súa opacidade que se enfronta á realidade pechada de edificios, muros, valados e arquitectura industrial que amobla a cidade. Os bisbardos do grafito e das verxas espiñadas ás estación de tren... Música techno house que promove o agrupamento melódico e desagrupamento emotivo das partículas que conforman o ritmo.

Cora Novoa o gran descubrimento galego de Natura Sonoris, o selo de Henry Saiz, será o punto e final, por este ano, ás actividades do Sónar, pero o seu ronsel pervive na cidade ás horas seguintes, coas coñecidas actividades *off Sónar*. Despois do Sónar, Galicia vai estar máis próxima ás vangardas musicais contemporáneas derivadas da electrónica. Só pedimos que teña continuidade.

Carlos Amado





24 XUÑO DO 2010 - NÚMERO 825

r d l

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Bienal de Pontevedra

A Bienal de Pontevedra é a máis antiga do Estado en activo. Organizada pola Deputación de Pontevedra desde o Museo Provincial, suma xa trinta e unha edicións desde 1967. Nos últimos anos centrouse nun ámbito xeográfico ou nunha rexión cultural do mundo. *Utrópicos* é o título da Bienal do 2010, dedicada a Centroamérica e ao Caribe. O obxectivo principal deste evento é facer visibles os diversos aspectos da escena artística e propiciar un achegamento do público aos contextos socioculturais da rexión, explica o comisario, Santiago Olmo, nun texto dispoñible na web <http://www.bienal.depo.es/>. Dado que

Outro ollar a Centroamérica

o noso coñecemento sobre Centroamérica e o Caribe se alicerza polo xeral en figuras que adquiriron especial visibilidade como Cuba, as exposicións tratan de subliñar o colectivo, para unha mellor comprensión das obras. Do Caribe amósanse os aspectos que conectan coa dimensión de modernidade e compromiso coa realidade, alén dos ámbitos da cultura popular, nomeadamente os elementos de carácter relixioso afro-caribeño, que se adoitan difundir. Revista das Letras recolleu información e imaxes de seis das exposicións que poden verse na Bienal ata o mes de setembro.



“el aguacero, la siesta, el cañaveral, el tabaco”

A exposición máis ampla da Bienal, que toma como título un verso de *La isla en peso*, de Virgilio Piñera, tenta debuxar unha cartografía de Centroamérica, subliñando cuestións arredor das súas economías –a plantación, as “repúblicas bananeiras”, a canle interoceánica, as maquilas, o turismo–, así como os seus contextos políticos e sociais –con revolucións, movementos sociais, golpes de estado, guerrillas, ditaduras e unha fonda desigualdade–. Tamén olla ós discursos post-coloniais, a través dalgunhas prácticas artísticas e da referencia a pensadores caribeños.

Nesta páxina, arriba á esquerda, Jean- François Boclé (Martinica), evoca en *Consommons raciall*, en proceso desde 2005, o presente pos-colonial a través de produtos de consumo cotián que se venden nos supermercados. Os ex-imperios construíron imaxinarios sobre a realidade das colonias que aínda perviven. Debaixo, Priscilla Monge, en colaboración con Enrique Velasco, propón unha reflexión sobre as causas da represión da palabra e

as consecuencias de ficar calados en *Si nadie habla, entonces las piedras hablarán*, (2010). Arriba, á dereita, Edgar León (Costa Rica), constrúe unha imaxe na obra *+ y -* a partir do texto do documento do Tratado de Libre Comercio para Centroamérica e o Caribe. Florencio Gelabert (Cuba/Estados Unidos), explora na instalación *El Desagüe*, (2010), a relación entre os humanos e a natureza, a fantasía e a realidade.

Participan tamén na mostra Alexandre Arrechea, Baltazar Torres, Carlos Garaicoa, Carolina Caycedo, Cinthya Soto, Dalia Chévez, David Damoison, Donna Conlon, Ernesto Salmerón, Hamlet Lavastida, Hugo Ochoa, Jhafis Quintero, María Montero e José Díaz, Joaquín Rodríguez del Paso, Jonathan Harker e Donna Conlon, Jorge Perianes, Joscelyn Gardner, José A. Toirac e Meira Marrero, Limber Vilorio, Mauricio Esquivel, Mayra Barraza, Moisés Barrios, Osvaldo Maciá, Raúl Quintanilla, Reinier Leiva, Ricardo Elías, Rodolfo Peraza, Soledad Sevilla e Walterio Iraheta.





A promesa da política

A exposición que para a Fundación Rosón Arte Contemporánea creou Tania Bruguera toma o seu título do libro que reúne escritos da filósofa Hannah Arendt. A artista realizou unha serie de obras onde relaciona acontecementos recollidos na prensa que desestabilizan o sentido establecido de certos conceptos e figuras sociais con conceptos utilizados no libro para explicar a relación entre a filosofía e a política.

A mostra, segundo explica o seu dossier, dispoñible na rede, consta de cinco pezas. *Isonomía* parte da noticia da redada e captura do clan dos Gordos, –un grupo de traficantes de drogas organizado en España–. “En la sala donde dos mujeres servían en un mostrador habían colocado postes metálicos con cintas para que los consumidores hicieran una cola ordenada, parecida a la de los aeropuertos”, según el jefe del Grupo de la Unidad de Drogas y Crimen Organizado (UDYCO). (...) Algunas habitaciones habían sido habilitadas para el consumo de drogas, lo que se indicaba en carteles pegados en las paredes, que decían: “Zona de fumadores”. Para mantener el punto de venta abierto las 24 horas el clan instauró tres turnos de ocho horas. En la mesa en la que se realizaban las compras, firmado como “la dirección”, se podía leer un cartel con las indicaciones que debían seguir los “trabajadores” de los turnos.” A obra, unha tea branca bordada con fío

negro, posta na parede como cartel, leva o texto: “Ningún sabe o pasado que lle espera. Asdo.: A Administración”. Esta expresión é popularmente utilizada en Cuba cando a unha persoa se lle crea un pasado ficticio para facer coincidir a súa traxectoria da persoa co interese da súa proxección pública por parte da autoridade. Tamén fala da aspiración de respectabilidade a partir da reprodución de estruturas corporativas. *Isasthenai* parte da noticia da morte de Orlando Zapata Tamayo, que puxo en cuestión a idea do heroe creada pola Revolución Cubana. O día da inauguración o público asistente que desexou posar para o escultor puido ser retratado en barro como os heroes. O busto só existía ata que outra persoa sentara para posar.

Doxa evoca a historia da filla dos príncipes de Xapón, de nove anos, que recibía abusos e golpes dos compañeiros de aula. Unha princesa deprimida cunha filla golpeada non é o imaxinario das mozas que arelan vivir “felices para sempre”. Un ovo, baixo a presión de chama dun soprete, está nun pedestal. *Plusvalía* está baseada na noticia do roubo do cartel que estaba á entrada do campo de concentración de Auschwitz. A obra é unha reprodución deste obxecto, montada para ser intervida polo público. *Peithen* parte da noticia dun cura que rouba os cartos da parroquia para poñer anuncios en internet de servizos sexuais.




Migracións

“Desde o seu título, este proxecto rexional convoca a desestabilización da orde establecida a través do traxecto común dos migrantes, do sur cara ao norte. O seu intento é abordar o tema das migracións desde unha mirada inversa, desde as artes visuais e con obras que non se basean en declaracións políticas nin aspiran a motivar activismos ou a enunciar solucións. Obras que, coas linguaxes particulares da arte contemporánea, confiren pausas de reflexión sobre unha realidade densa, complexa e inaprensible, e apenas exploran os descomunais efectos que van cobrando os fenómenos migratorios sobre as persoas e as sociedades”.

A exposición conta con obras de Ronald Morán (El Salvador), Donna Conlon (Panamá), Patricia Belli (Nicaragua), Grupo La Torana (Guatemala), Adán Vallecillo (Honduras), Ángel Poyón Cali (Guatemala), Dalia Chévez (O Salvador), Danny Zavaleta (O Salvador), Miguel Ángel Madrigal (México), Regina Galindo (Guatemala), Lucía Madriz (Costa Rica), Betsabé Romero (México) e Ernesto Salmerón (Nicaragua). Así, a exposición aborda as migracións desde unha perspectiva cultural. Porque “referirse á migración tamén é pensar

no movemento de culturas e de identidades comunitarias, de tradicións, linguas, gastronomías, danzas, así como en moitas vidas cotiás transgredidas pola marcha forzada ante a pobreza, cara a un lugar distinto onde arelan conseguir unha mellor vida”, indica o catálogo desta mostra. O embrión da Red de Centros Culturales de la Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo en Centroamérica, México e Miami puxo en marcha o que despois se convertería no proxecto *Migracións: mirando cara ó sur*. A iniciativa xurdiu coa vontade de crear un espazo para a reflexión sobre o fenómeno migratorio centroamericano e as súas repercusións culturais.

Despois engadiuse unha variada programación de artes escénicas, musicais, visuais e literarias. No 2008 encargóuselle á curadora Rosina Casali a organización dunha exposición que conta-se coa participación de artistas da rexión. “Os artistas achégannos as reflexións que operan desde os seus contextos, as súas preocupacións particulares, formas de entender e expresar o que significan hoxe os éxodos que configuran o día a día dos nosos países”, explicou a comisaria.



‘Tras-misiones’

A mostra *Tras-misiones* propón a articulación de proxectos independentes de educación, xestionados na súa maioría por artistas ou colectivos. Entre os participantes atópanse o colectivo de artistas galegos Alg-a; a Cátedra Arte de Conducta, o proxecto que Tania Bruguera desenvolveu na Habana entre 2002 e 2009, cun programa de estudos sobre performance; Beta-Local, organización radicada en San Juan que impulsa un proxecto pedagóxico experimental e unha plataforma de discusión crítica; Caja lúdica, colectivo e asociación civil que desenvolve programas culturais e de formación artística con mozos das zonas rurais e urbanas de Guatemala; Instituto Buena Vista, fundado en Curaçao en 2006 e orientado a programas de residencias e talleres; a Espora, escola superior de arte impulsada desde 2004 en Managua por iniciativa da artista Patricia Belli; TEOR/ética, unha fundación independente radicada en San José desde 1999, que desenvolve programas de exposicións, obradoiros, seminarios, así como a

creación dun fondo documental. A exposición toma como referencia a experiencia das Misiones Pedagógicas (1931-1936). A Misión a Galicia, dirixida por Rafael Dieste (Rianxo, 1899-Santiago de Compostela 1981) foi a máis ampla das realizadas, cunha duración de catro meses.

A Bienal de Pontevedra lembra a figura de Dieste e o seu pensamento arredor da educación e da cultura. Defendía a liberdade do ensino aconfesional ou a consideración da cultura popular como fonte de coñecemento. O proxecto aborda tamén a relación da experiencia das Misiones Pedagógicas e a Segunda República co exilio. *Tras-misiones* quere poñer en relación proxectos educativos independentes, e poñer en discusión os límites e contradicións de todo proxecto educativo. Nesta páxina, podemos ver arriba unha imaxe da estrea do Retablo de Fantoques en Malpica (A Coruña), no 1933, e abaixo *Acceso a lo denegado*, de Nuria Güell, (2008), e unha foto da mostra de EspIRA para a Bienal de Pontevedra.

Arquivacción

Arquivacción é un arquivo de accións e performances que se realizaron en anos recentes en Centroamérica e Caribe. A proposta da artista galega Carme Nogueira é o dispositivo de sala para acoller todo o material. A intervención en sala quere pór en escena o punto de vista do espectador e, ao mesmo tempo, presentar dunha forma unificada as obras dos diferentes artistas seleccionados. O dispositivo configúrase como un teatro; un escenario que se dividiu en tres grandes mesas articuladas a través de bancadas nas que se colocaron encastrados os diferentes traballos: vídeos, fotografías ou obxectos, de forma que, ao usar o plano horizontal, se privilexia a lectura individualizada de cada artista.

O primeiro punto de vista, ao entrar na sala, é a traseira deste escenario, no que se abriu un oco que permite mirar ó interior do dispositivo. Como o espectador debe entrar na escena, incorporarse ó escenario, para poder ver a mostra, este oco serve como marco tanto do interior como do exterior, xa que unha vez dentro del pódense ver os espectadores que entran na sala tamén enmarcados. Complétase a instalación cunha pantalla pintada no escenario que se dispón en paralelo ó oco. Nesa pantalla proxectaranse traballos á carta seleccionados polos espectadores.

As actuacións no espazo público son tres carteis realizados a partir de tres traballos seleccionados: obras de David Pérez Karmadavis, Priscila Monge e Nicolás Dumit que se instalarán en lugares semipúblicos: a estación de autobuses, un centro de saúde e unha praza, de modo que estes espazos funcionan como tradutores da acción á que se refire a obra orixinal

Os artistas e colectivos participantes son Carme Nogueira, Anibal López, Artería, Carolina Caycedo, David Pérez Karmadavis, Humberto Vélez, Javier Calvo Jessica Lagunas, José Osorio, La Cuartería, Nicolás Dumit Estévez, La OIP, Priscilla Monge, Regina Galindo, Sayuri Guzmán e Tania Bruguera

